



 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE</p> <p>Data: 02/07/2021 Rexistro de SAÍDA nº: 21S/</p>

A dirección do CPI Ponte Carreira **INFORMA QUE:**

Todo o alumnado, escolarizado neste centro para o curso 2021/2022, que desexe facer uso do servizo de comedor escolar ten que solicitar a condición de usuario, para o que deberán entregar no centro o ANEXO II, que acompaña a esta circular, debidamente cuberto durante o mes de **xullo en horario de 10:00 a 13:00** no edificio de **secundaria. Convocaráselles por cursos a través de ABALAR.**

Resumo instrucións de comedor 2021/2022

G R A T U I T O	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes. O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar. O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %. O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente. O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 € <p style="text-align: right;"><i>Calquera das condicións anteriores hai que acreditarlas documentalmente.</i></p>		
	1,00	Unidades familiares con un ou dous menores que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de E. infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
		Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou segundo ciclo de E. infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €
	2,50 €	Unidades familiares con un ou dous menores que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de E. infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
	4,50 €	Unidades familiares con un ou dous menores que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de E. infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

A *autodeclaración* terá en conta a renda do ano 2020 e procederase manualmente como se indica no modelo; o cálculo poden facerse co simulador de taxas ao que se accede dende: <https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>

Aos efectos de unidade familiar a ter en conta a 31 de decembro de 2020:

Matrimonios: os cónxuxes máis fillos menores de idade que non estean independizados e os maiores de idade que sexan dependentes, isto hai que acreditarlo.

Separación legal ou parellas de feito: **solo un dos proxenitores (pai ou nai) e a totalidade dos fillos menores, sen independizarse, que convivan con el ou ela.**

Colaboracións no servizo de comedor, poden ser pais, nais, titores/as legais, acolledores familiares.

Excepcionalmente, mentres dure a aplicación das medidas educativas e sanitarias para paliar os efectos da pandemia, poden colaborar se fose necesario: outros familiares do alumnado comensal, a ex-colaboradores deste servizo, a persoal relacionado coa comunidade educativa, así como a persoal que participe en programas de voluntariado social. A lista destas persoas estará aberta todo o ano, e soamente poderán colaborar se non houbese persoal suficiente.